



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO


Maio 2019

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: [http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?](http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp)
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Maio 2019

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 2,1% en Galicia en maio de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior, un punto menos que no conxunto de España, 3,1%.
- Por produtos, as vendas rexistran un incremento do 0,8% en Alimentación e do 3,4% no Resto de produtos.
- En todas as comunidades autónomas aumentan as vendas minoristas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 2,5% no mes de maio de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España un 3,6%.
- O índice xeral de ocupación aumenta o 0,9% en Galicia e o 1,1% no conxunto do Estado.
- A ocupación crece en todas as comunidades autónomas agás Extremadura.



1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 2,1% en Galicia en maio de 2019 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España aumenta un 3,1%.


O índice xeral sen estacións de servizo crece un 2,3% respecto a maio de 2018. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa as súas vendas un 0,8% en Galicia e un 1,9% en España.
- O Resto de produtos rexistra un crecemento do 3,4% en Galicia e do 4,3% no conxunto do Estado.

Nos cinco primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta en Galicia un 0,1%, e en España o 1,7%. As vendas en Alimentación diminúen un 0,5% en Galicia mentres que aumentan un 1,7% en España; as vendas do Resto de produtos crecen un 0,1% en Galicia e un 1,7% no conxunto do Estado.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 0,9%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas aumentan as vendas en maio. O maiores incrementos danse en Madrid (5,7%) e Andalucía (5,4%). En senso contrario, as comunidades con menor crecemento son Aragón (0,4%) e Cantabria (0,5%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Maio 2019

Taxas de variación en %



No que vai de ano, as comunidades autónomas con maiores incrementos son Madrid (3,4%) e Andalucía (3,3%). En tres comunidades diminúen as vendas: Cantabria (-0,8%), Extremadura (-0,6%) e Asturias (-0,4%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de maio de 2019, un aumento do 2,5% en Galicia e do 3,6% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo crece un 2,3% en Galicia e un 3,3% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 1,4% e no Resto de produtos un 3,0%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación incrementáanse un 2,5% e no Resto de produtos un 3,9%.

Índices de comercio polo miúdo. Maio 2019

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	106,8	2,5	0,9
Xeral sen estacións de servizo	105,6	2,3	0,6
Alimentación	102,5	1,4	0,5
Resto	107,3	3,0	0,6

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	2,5	0,9
Xeral sen estacións de servizo	2,3	0,6
Alimentación	1,4	0,5
Resto	3,0	0,6

Nos cinco primeiros meses do ano, o índice xeral crece un 0,9% en Galicia, taxa inferior á do conxunto de España (2,8%).

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 0,9% no mes de maio en Galicia. No conxunto do Estado o crecemento é do 1,1%.

No que vai de ano, a ocupación aumenta un 0,6% en Galicia e un 1,1% no conxunto do Estado.


5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en maio en todas as comunidades autónomas agás Extremadura (-0,1%). Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears e Navarra (ambas as dúas, 1,8%).

No acumulado do ano, as taxas varían entre o 2,0% Navarra e o -0,1% de Extremadura.

Índice xeral de ocupación. Maio 2019

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Maio 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	106,8	2,5	0,9	102,9	2,1	0,1
Xeral sen estacións de servizo	105,6	2,3	0,6	102,6	2,3	-0,1
Alimentación	102,5	1,4	0,5	97,5	0,8	-0,5
Resto	107,3	3,0	0,6	106,3	3,4	0,1
España						
Xeral	110,6	3,6	2,8	106,4	3,1	1,7
Xeral sen estacións de servizo	109,2	3,3	2,4	106,3	3,2	1,8
Alimentación	109,2	2,5	2,7	104,0	1,9	1,7
Resto	109,1	3,9	2,3	108,1	4,3	1,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Maio 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	109,2	1,1	0,8	106,1	0,9	-0,2
Xeral sen estacións de servizo	108,5	1,1	0,4	106,2	1,0	-0,3
Alimentación	104,3	0,5	0,4	98,9	-0,2	-0,7
Resto	111,0	1,4	0,4	110,7	1,3	-0,2
España						
Xeral	111,1	3,2	2,8	107,6	2,4	1,5
Xeral sen estacións de servizo	110,3	3,0	2,3	108,0	3,0	1,6
Alimentación	109,8	2,2	2,3	104,6	1,6	1,3
Resto	110,4	3,5	2,2	110,4	3,8	1,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Maio 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	110,6	3,6	2,8	106,4	3,1	1,7
Andalucía	110,7	5,5	4,0	107,0	5,4	3,3
Aragón	107,4	0,8	1,5	103,5	0,4	0,5
Asturias	104,4	1,3	0,7	100,5	0,6	-0,4
Balears, Illes	122,1	1,8	3,3	118,1	1,6	2,5
Canarias	106,8	2,7	2,2	103,6	2,6	1,2
Cantabria	103,0	1,7	0,6	98,5	0,5	-0,8
Castilla y León	105,7	3,5	2,5	101,4	2,5	0,9
Castilla-La Mancha	109,5	3,8	3,0	105,0	3,2	1,9
Cataluña	107,5	2,7	2,3	102,2	1,9	1,0
Comunitat Valenciana	109,5	1,6	1,8	106,2	1,4	0,9
Extremadura	102,6	2,3	0,2	99,4	2,0	-0,6
GALICIA	106,8	2,5	0,9	102,9	2,1	0,1
Madrid	119,1	6,6	5,0	114,7	5,7	3,4
Murcia, Región de	113,1	4,7	3,4	109,6	4,5	2,8
Navarra	116,1	5,0	3,4	110,8	3,5	1,6
País Vasco	110,8	2,8	2,2	106,4	2,2	1,0
Rioja, La	108,8	2,3	1,6	103,6	0,9	0,0
Ceuta	100,4	-0,7	-1,1	96,9	-1,2	-2,0
Melilla	106,6	0,7	0,7	103,8	1,5	1,0

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Maio 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	103,0	0,9	0,6
Xeral sen estacións de servizo	102,7	0,8	0,6
España			
Xeral	104,1	1,1	1,1
Xeral sen estacións de servizo	104,0	1,0	1,0

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Maio 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	104,1	1,1	1,1
Andalucía	101,3	0,9	0,8
Aragón	103,2	1,0	1,0
Asturias	106,4	0,5	0,5
Balears, Illes	114,2	1,8	1,9
Canarias	107,7	1,0	1,2
Cantabria	101,2	0,3	0,5
Castilla y León	103,2	1,4	1,4
Castilla-La Mancha	101,2	0,6	0,8
Cataluña	103,3	1,4	1,2
Comunitat Valenciana	106,9	1,5	1,4
Extremadura	101,6	-0,1	-0,1
GALICIA	103,0	0,9	0,6
Madrid	105,0	1,0	1,0
Murcia	104,6	0,9	1,1
Navarra	104,0	1,8	2,0
País Vasco	102,9	0,4	1,0
Rioja, La	104,6	1,0	0,5
Ceuta	101,3	-0,3	-0,2
Melilla	102,6	0,3	0,6

Fonte: INE